

## EDICTO

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estadística e Edusi deste Concello de Ferrol por delegación da Alcaldía de data 08/07/2019 (BOP 22/07/2019), dictou con data 24/03/2020 resolución en relación coa aprobación de MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN FISCAL PARA OS CONTRIBUENTES DO CONCELLO DE FERROL cuio tenor literal dí:

**Primeiro:** Con data de 14/03/2020 publicouse no BOE o **Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma en todo o territorio nacional por un prazo de quince días naturais** para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 motivado pola elevación da OMS da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional que require a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta coxuntura.

Na súa DA 3ª, estableceu a suspensión de quince días, dos prazos administrativos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, no seu caso, das prórrogas que se adoptaren.

A suspensión de términos e a interrupción de prazos se aplica a todo o sector público definido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Isto levou ás entidades locais a entender comprendidos en dita regulación aos procedementos tributarios das súas respectivas Facendas.

Nembargantes, o RD 465/2020 de 18 de marzo, que viño a modificar o RD 463/2020 de 13 de marzo polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, deixou constancia da explícita exclusión de dita regulación dos procedementos tributarios por tratarse de normativa especial.

**Segundo:** Non obstante lo anterior, o dito RD 463/2020 establece, na D.A. 3ª.3, que sí sigue vixente e non afectada pola modificación, que o **órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrucción estritamente necesarias para evitar perjuicios graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que éste manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.**

**Terceiro:** O 18/03/2020 o BOE publicaba o **Real Decreto-lei 8/2020**, de 17 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico do COVID-19 e que entrou en vigor ese mesmo día.

Este RD-lei ten por obxecto que as medidas de contención aprobadas, e que conlevan medidas negativas na economía española, supoñan que estos efectos negativos sexan transitorios e evitar, en última instancia, que se produza un impacto máis permanente ou estrutural. De acordo coa súa exposición de motivos: *“es preciso adoptar medidas que proporcionen la necesaria flexibilidad para el ajuste temporal de las empresas con el fin de favorecer el mantenimiento del empleo y reforzar la protección de los trabajadores directamente afectados. En las próximas semanas muchas empresas se van a enfrentar a importantes tensiones de liquidez derivadas de una caída de sus ventas, procedentes tanto de una menor demanda como de la interrupción de la producción,*

*por exemplo, por falta de suministros o por rescisión de determinados contratos. Se hace por tanto indispensable adoptar determinadas medidas para reforzar la liquidez del tejido productivo y evitar la salida del mercado de empresas solventes afectadas negativamente por esta situación transitoria y excepcional”.*

### Medidas tributarias que afectan ás entidades locais a través do artigo 33 do RD-Lei 8/2020

Primerio hai que sinalar que o disposto no artigo 33 do RDL só resulta de aplicación en relación con procedementos iniciados con anterioridade a súa entrada en vigor, é decir, iniciados con anterioridade ao 18 de marzo de 2020.

➤ As principais medidas do artigo 33 do RDL son:

1. Suspensión do cómputo do prazo de duración dos procedementos tributarios tramitados Concello, dende o 18 de marzo de 2020 ata o 30 de abril de 2020.
2. Suspensión do cómputo dos prazos de caducidade e dos prazos de prescripción do artigo 66 da LXT, dende o 18 de marzo de 2020 ata o 30 de abril de 2020.
3. Ampliación ata o 30 de abril de 2020 de determinados prazos abertos con anterioridade ao 18 de marzo de 2020 e que non estaban concluídos a esa data.
4. No seno do procedemento de prema, non execución de garantías que recaigan sobre bens inmobles dende o 18 de marzo ata o día 30 de abril de 2020.
5. Ampliación ata o 20 de maio de 2020 ou, si fora posterior, ata a data outorgada pola norma xeral, de determinados prazos que se abran a partir do 18 de marzo de 2020.
6. Inicio o 1 de maio de 2020 do prazo para interpoñer recursos ou reclamacións económico-administrativas, ou ben inicio dende a data determinada pola norma xeral se a notificación do acto a recurrir se tivera producido con posterioridade ao 30 de abril de 2020.

**Cuarto:** Nembargantes, no ámbito local a regulación é escasa. Únicamente, existen medidas tributarias que afectan ás entidades locais a través do antedito artigo 33 do RD-Lei 8/2020.

Polo que á vista do anteriormente sinalado, e consciente da situación de paralización da vida económica de Ferrol cuio sector económico principal é nunha porcentaxe moi importante no sector servizos claramente afectado polas limitacións propias do estado de alarma, propónse que o Concello de Ferrol, no ámbito das súas competencias en materia fiscal e tributaria, e coa firme vontade de adoptar as medidas que

axuden a paliar as consecuencias económicas da pandemia do COVID-19, se adopten unha serie de medidas para as familias e para o tecido empresarial do noso municipio para responder ao impacto económico negativo que se está a producir.

**As actuacións tributarias a levar a cabo con carácter excepcional e urxente para o exercizo 2020 e que se adoptan son:**

**Primeiro.- A ampliación automática ata o 30/04/2020 dos prazos abertos con anterioridade ao 18 de marzo de 2020 e que non estaban concluídos a esa data.**

En concreto, se amplían os seguintes prazos:

1. Os prazos para o pago de débeda tributaria en periodo voluntario e executivo, previstos nos apartados 2 e 5 do artigo 62 da LXT.
2. Os vencementos dos prazos e fraccións dos acordos de aprazamentos e fraccionamentos concedidos.  
Con respecto a isto, o Concello de Ferrol entende que é menos gravoso para os obrigados ao pago proceder aos cargos en conta dos aprazamentos/fraccionamentos previstos, sen perxuízo que a devolución destes non suporá o cancelamento do expediente, toda vez que os prazos e fraccións concedidos están ampliados ata o 30/04/2020
3. Os prazos para atender requerimentos, dilixencias de embargo, solicitudes de información con trascendencia tributaria, e para formular alegacións ante actos de apertura de dito trámite ou de audiencia, dictados en procedementos de aplicación dos tributos, sancionadores ou de declaración de nulidade, devolución de ingresos indebidos, rectificación de erros materiais e de revocación.

**Segundo.- A ampliación automática ata o 20/05/2020 dos prazos abertos a partir do 18 de marzo de 2020, salvo que o outorgado pola norma xeral sexa maior, en cuio caso será este o de aplicación.**

En concreto, se amplían os seguintes prazos:

1. Os prazos para o pago de débeda tributaria en periodo voluntario e executivo, previstos nos apartados 2 e 5 do artigo 62 da LXT.
2. Os vencimientos dos prazos e fraccións dos acordos de aprazamentos e fraccionamentos concedidos.
3. Os prazos para atender requerimentos, dilixencias de embargo, solicitudes de información, e para formular alegacións ante actos de apertura de dito trámite ou de audiencia.  
Non obstante, o prazo terminará nunha data posterior ao 20 de maio de 2020 se así resultase da aplicación da norma xeral.

**Terceiro.- En todo caso, se se atenden os requerimentos, as solicitudes de información ou se se presentan alegacións antes da finalización da ampliación do prazo se da por cumprido o trámite a todos os efectos.**

**Cuarta- A suspensión dos procedementos de embargo mentres dure o estado de alarma e as súas prórrogas.**

**Quinto.- A suspensión da emisión de notificacións mentres dure o estado de alarma e as súas prórrogas.**

**Sexto.- O Concello de Ferrol, durante o estado de alarma e as súas prórrogas, únicamente realizarán os trámites que sexan imprescindibles e os que considere que sexan menos gravosos para os contribuintes.**

**Sétimo.-** Dado que os acordos de aprobación de fraccionamentos e plans de pagos persoalizados xa supoñen, en sí mesmos, medidas de axuda á liquidez, **se manterán os cargos de vencemento polo que poda conlevar de axuda ao contribuinte.** Non obstante, se éste rechazara o pago, o incumprimento da cota de plans persoalizados de pago ou de fraccionamentos de vencemento o 6 de abril non dará lugar a recargos nen xuros nen conlevará a cancelación do plan de pagos nen a cancelación do fraccionamento por incumprimento.

**Oitavo.-** No ámbito das competencias desta entidade local, aos efectos dos aprazamentos aos que se refire artigo 65 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria **concederáse o aprazamento do ingreso da débeda tributaria correspondente a todas aquelas liquidacións, declaracións-liquidacións ou autoliquidacións asistidas cuio prazo de ingreso finalice dende o 13/03/2020 ata o día 30/05/2020, ambos inclusive,** sempre que as solicitudes presentadas ata esa data sexan por débedas inferiores a 6.000,00€, establecidos na normativa municipal de aprazamentos e fraccionamentos, como exentas de constituir garantía que afiance o cumprimento da obriga.

1. As condicións do aprazamento serán as seguintes:

- a) O prazo será de seis meses.
- b) Non se devengarán xuros de mora durante os primeiros tres meses do aprazamento.

**Noveno.- Se suspende o prazo para a presentación de declaracións do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (plusvalía) mentres esté en vigor o estado de alarma e as súas prórrogas**, de conformidade coa DA 3ª.3 do RD 463/2020 e para evitar perxuízos graves nos dereitos e intereses dos cidadáns.

**Décimo.- No caso de notificación dun acto ou resolución antes do 14 de marzo de 2020, data de entrada en vigor do RD 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e o prazo de recurso non ten finalizado á entrada en vigor de dito RD, o prazo para presentar un recurso é dun mes, que se iniciará de novo o día 1 de maio de 2020** ou ben o día seguinte ao que perdan vixencia xas posibles prórrogas do RD 463/2020, en caso de que ese día fora posterior ao 1 de maio.

**Undécimo.- Modificación do Calendario do Contribuinte aprobado para 2020 (BOP nº 243 de 23/12/2019):**

## 1. Voluntarias nº 3, 4 e 5

Vol	INICIO	FIN	doble Ref.	CARGO CTA.	CONCEPTOS
3	05/02/2020	06/04/2020	06/05/2020	05/02/2020	PP PARKING MAGDALENA febreiro 2020 / SERVICIOS DEPORTIVOS xaneiro 2020 / MERCADOS xaneiro 2020 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR decembro 2019
4	05/02/2020	06/04/2020	INAPREMIABLE	05/02/2020	VIVENDAS xaneiro 2020 / CC PORTA NOVA xaneiro 2020
5	05/02/2020	06/04/2020	06/05/2020	06/04/2020	MERCADOS AMBULANTES outubro, novembro e decembro 2019

Como pode ser observado no cadro anterior estas tres voluntarias xa foron iniciadas con anterioridade á entrada en vigor do RD-Lei 8/2020 e teñen como prazo de finalización do período voluntario de ingreso o 06/04/2020, **dito prazo será ampliado ata o 05/05/2020.**

Con respecto ás voluntarias 3 e 4, as **débedas obxecto de domiciliación** xa foron recadadas con anterioridade á entrada en vigor do RD-Lei 8/2020, sen embargo **na voluntaria 5** se mantén a **data prevista de cargo en conta do 06/04/2020.**

## 2. Voluntarias nº 6, 7 e 8

Vol	INICIO	FIN	doble Ref.	CARGO CTA.	CONCEPTOS
6	05/03/2020	05/05/2020	05/06/2020	05/03/2020	PP PARKING MAGDALENA marzo 2020 / SERVICIOS DEPORTIVOS febreiro 2020 / MERCADOS febreiro 2020 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR xaneiro 2020
7	05/03/2020	05/05/2020	INAPREMIABLE	05/03/2020	VIVENDAS febreiro 2020 / CC PORTA NOVA febreiro 2020
8	05/03/2020	05/05/2020	05/06/2020	05/05/2020	Nichos, Kioscos, Mesas y Sillas, Pasos y Placas y Reserva de Parada 2020 / CAIXEIROS AUTOMÁTICOS 2020

Como pode ser observado no cadro anterior estas tres voluntarias xa foron iniciadas con anterioridade á entrada en vigor do RD-Lei 8/2020 e teñen como prazo de finalización do período voluntario de ingreso o 05/05/2020, **dito prazo será ampliado ata o 05/06/2020.**

Con respecto ás voluntarias 6 e 7, as **débedas obxecto de domiciliación** xa foron recadadas con anterioridade á entrada en vigor do RD-Lei 8/2020, sen embargo **na voluntaria 8** se mantén a **data prevista de cargo en conta do 05/05/2020.**

**Con respecto ao padrón de mesas e sillas directamente afectado pola suspensión da apertura ao público acordada polo RD 463/2020**, no que se declara o estado de alarma, e toda vez que non se coñece a súa finalización, **se deberá recomendar aos obrigados tributarios de dito padrón**, que xa está aprobado e en prazo de cobro en período voluntario así como remitidos os documentos de ingreso aos mesmos para que procedan ao seu pago , **que non realicen o abono cos documentos de ingreso remitidos** pois, unha vez finalizado

o estado de alarma e as súas prórrogas, **o Concello procederá a remitir uns novos documentos de ingreso corrixidos descontando o período de inactividade existente.**

### 3. Voluntarias nº 9, 10 e 11

Vol	INICIO	FIN	doble Ref.	CARGO CTA.	CONCEPTOS
9	06/04/2020	08/06/2020	08/07/2020	06/04/2020	PP PARKING MAGDALENA abril 2020 / SERVICIOS DEPORTIVOS marzo 2020 / MERCADOS marzo 2020 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR febreiro 2020
10	06/04/2020	08/06/2020	INAPREMIABLE	06/04/2020	VIVENDAS marzo 2020 / CC PORTA NOVA marzo 2020
11	06/04/2020	08/06/2020	08/07/2020	08/06/2020	IVTM 2020 / MERCADOS AMBULANTES xaneiro-febreiro 2020

Como pode ser observado no cadro anterior estas tres voluntarias está previsto que se inicien o vindeiro **06/04/2020**, prazo que se mantén, se ben se amplía o seu prazo de finalización do período voluntario de ingreso ata o 20/07/2020.

Con respecto ás **débedas obxecto de domiciliación** correspondentes ás tres voluntarias anteriores, se manteñen as **datas previstas de cargo en conta do 06/04/2020 e do 08/06/2020**.

Ferrol, na data da sinatura dixital

